

Autor: **JOSÉ ANTONIO PORTILLO**

Ilustradora: **CARMEN PUCHOL**

Encadernado en cartóné.

Contenedor: caixa de cartón, serigrafía, bola de papel

40 páxinas a toda color. 22x22 cm.

Dispoñible en:


-Galego: "Artefactes". ISBN 978-84-8464-504-7

-Castelán: "Artefactes". ISBN 978-84-8464-179-7

-Catalán: "Artefactes". ISBN 978-84-95730-48-0

-Euskera: "Tramankuluak". ISBN 978-84-8464-507-8

Prezo: 20 €



ARTEFACTES ou paseante anónimo atopo un libro

1º PREMIO NACIONAL DE EDICIÓN 2003 (Ministerio de Cultura)

"Paseando pola praia tropecei con algo que sobresaía da area. Ao escarbar, atopei un vello cofre. Ao abrilo, atopei unha especie de libro extraño. ¿Quen o tería botado ao mar? ¿Que razóns terían impulsado a alguén a facelo? Empecei a entendelo cando puiden ler aquela carta, que empezaba: Teño oito anos. O meu pobo vai ser destruído e non teño tempo nen lugar para gardar o que máis quero no mundo: os meus libros..."



"Artefactes" é un libro-objecto que sorprende desde o primeiro momento. O texto, de José Antonio Portillo, pertence a un relato oral contado durante 18 anos no

entorno escolar, creado coa intención de achegar o neno ao libro e fomentar a súa capacidade de escoitar. Forma parte dun proxecto global, que inclúe a edición deste álbum e maila produción do espectáculo "Artefactes", de Alben Teatro, que chegou a estar nominado aos Premios Max.

O libro está estruturado en dúas partes distintas: a do texto e a da imaxe, coa finalidade de que o lector poida crear a súa propia visión interior mentres le.

A ilustración de Carmen Puchol está en total consonancia coa propia narración de "Artefactes". A técnica baséase na ilustración a partir da fotografía dixital, co obxectivo de plantexarlle ao lector a dúbida sobre a veracidade da historia. A través da fotografía, preséntasenos a pregunta -"¿será verdade?"- e despois, a través de diferentes tratamentos pictóricos sobre a foto, váisenos introducindo noutro tipo de ilustración -"¿será mentira?"-

Estamos ante un libro diferente, especial, sorprendente, que aparece presentado dentro dunha caixa. Nela inclúese unha serigrafía: na súa parte posterior hai un texto (postdata) que invita ao lector a reconstruír unha historia trala lectura do libro. Para iso dispón dunha bóla de papel insertada na caixa, con fragmentos de palabras e frases.

JOSÉ ANTONIO PORTILLO (Burgos, 1959)

Profesor, xestor cultural do Concello de Benicassim e escultor. Expuxo a súa obra en diferentes espazos artísticos españois, coma "Casa de Vacas" en Madrid, EACC Espai D'Art Contemporani de Castelló, Ateneo de Valencia, e en escenarios internacionais coma o Archivio Artista de Parma (Italia) en 1999, Centro Cultural de Belem (Lisboa), o Lyric Theatre Hammersmith (Londres), o Teatro Piccolo de Milán, ou o Royal Festival de Londres. As súas obras foron seleccionadas e premiadas en diversos foros coma o Premio Bancaixa de Pintura e Escultura (1999), LVII Exposición Nacional de Artes Plásticas de Valdepeñas, I e II Mostra Biennal d'Art d'Alcoi. Un novo recoñecemento chega a través do Ministerio de Cultura, que premiou "Artefactes" como Libro Mellor Editado en 2003, un galardón que KALANDRAKA xa adquiriu con "Máquinas" no 2000. Posteriormente publicou, tamén en KALANDRAKA, outro traballo titulado "¿Que piensa mi sombra?".

CARMEN PUCHOL (L'Alcora, 1968)

Licenciada en Belas Artes e deseñadora gráfica, traballa en composicións plásticas a partir da pintura e da fotografía. A súa obra estivo exposta na Biennale Giovanni Artisti do Mediterráneo (Turín, 2001), na Artissima 2001 (Feira de Arte Contemporánea, Turín), Artexpo-Barcelona, Museo Municipal de Cerámica de L'Alcora, Feira Internacional de Arte Contemporánea (Granada) ou na Galería Pictograma de Castelló. En 1993 foi galardonada co 1º Premio de Pintura "Platges de Benicassim". En relación a este proxecto, realizou unha colaboración gráfica na exposición "Fun testemuña do que conto" de José Antonio Portillo, no Centro Cultural de Belem (Lisboa).